



VIAXE A PARÍS DO 28 DE MARZO – 1 DE ABRIL

Estimadas familias:

O luns 20 de marzo tivemos unha reunión para recordar os datos máis importantes da viaxe a París.

Primeiramente, a hora de saída o 28 de marzo adiántase ás 03:00 h. por haber nestes días certos atrasos nos mostradores de facturación. Deben, polo tanto, estar no centro ás 02:45 h.

Ao chegar pronto a París, non é necesario que leven comida. Hai un centro comercial preto do hotel e poderán comer alí. En todo caso, que leven algo para media mañá.

O día de regreso, 1 de abril, contamos coa súa chegada ao centro sobre ás 22:00 h. 22:15 h. De tódolos xeitos, cando saían de Oporto no autobús, enviareivos unha mensaxe por Abalar.

Finalmente, as comidas que non teñen incluídas son tres: o primeiro e último día e o día da visita a Versalles, pola dificultade cos horarios. Así, podedes calcular mellor o diñeiro que poden precisar. Os almozos e ceas están todos incluídos.

Lembrede que deben levar consigo o DNI e o permiso para saír do territorio nacional sendo menores. A tarxeta sanitaria europea ou o resguardo da súa solicitude é recomendable, pero no caso de precisar asistencia médica sempre temos o seguro da viaxe. É aconsellable que entreguen unha copia do DNI e da tarxeta sanitaria en secretaría. Deste xeito, poden levala os profes por se perden o orixinal.

Doutra banda, non facturan maleta, polo que esta debe de ter as medidas axeitadas como equipaxe de man e non sobrepasar os 10 kg. Non poden levar líquidos de máis de 100 ml e estos deben ir nunha bolsiña transparente.

A medicación pódese levar sen problema. No caso de ser líquida (xarabes) debe ir acompañada de receita médica.

Os maiores de 18 anos deberán pagar no hotel a taxa turística de 2,85€ por día.

Con respecto ao programa de actividades e visitas, continua a ser o mesmo que tedes na aula virtual. O único cambio é na visita da Torre Eiffel. Foi imposible conseguir reserva para un grupo tan numeroso. Polo tanto, na mañá do último día, o alumnado que queira facer a subida da torre, poderá ir acompañado dun profesor ou profesora, mercando entrada normal.

É importante que, se houbo algún troco con relación á información que entregastes sobre medicacións, intolerancias e alerxias, o notifiqúedes.

Recordádelles, aínda que moitos xa o notificaron, que deben vir a anotarse na distribución de habitacións.

O luns 27 de marzo non terán que asistir a clase pola tarde. Consideramos que, como saen moi cedo, precisan do tempo para descansar e acabar de preparar todo. Pola mañá dareilles os últimos recordatorios e repartireilles unha mochila de agasallo que trouxo a axencia.

Por último, lembrade que, se falta algún pago, debe estar feito antes do día da viaxe.

Penso que non me esquezo de nada, pero se tedes calquera dúbida podedes chamar ao centro mañá venres ou o luns ou escribir ao correo ies.carlos.casares@edu.xunta.gal

Atentamente,

Vigo, a 23 de marzo de 2023

A Vicedirectora

Carmen Rodríguez Roa